

## **DO-0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas**

### **R3 DO-0201**

# **Informe de Accións de Coordinación do Grao en Enxeñaría da Enerxía**

**Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**

**Curso académico: 2023/2024**

Aprobado en Comisión de Calidade o 22/10/2024

Vigo, a 22 de outubro de 2024

Guillermo García Lomba  
Coordinador de Calidade

---

## Índice

I. INFORMACIÓN XERAL.....	2
II. COORDINACIÓN .....	2
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....	3
IV. CONCLUSIÓNS .....	7
V. ANEXOS.....	8

## I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Enxeñaría da Enerxía
Centro(s) onde se imparte o título	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	Non procede
Curso de implantación	2010/2011 - Plan modificado: 2020/2021

## II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Francisco Javier Deive Herva
Equipo coordinador de curso	1º curso: Iria Feijóo Vázquez 2º curso: Raquel Pérez Orozco 3º curso: Pablo Eguía Oller 4º curso: Ana M. Rodríguez Rodríguez
Coordinación del PAT-ANEAE	María de los Ángeles Domínguez Santiago

### III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Neste documento recóllense as reunións formais realizadas durante o curso académico 2023/2024 entre persoas coordinadoras de materias, de curso e titulación. Poren, as accións de coordinación non se restrinxiron unicamente a estas reunións formais, xa que a comunicación e intercambio de opinións foi constante por medios tanto presenciais como virtuais, incluíndo tamén á coordinadora do PAT-ANAE. Esta retroalimentación constante permitiu facer axustes continuos na planificación docente que derivou nun mellor desenvolvemento do curso académico.

#### 3.1. Reunións

##### **Reunións do coordinador de título e do equipo coordinador de curso co persoal coordinador de materia/módulo**

O día 30 de maio de 2023, o coordinador do grao recibiu unha notificación que informaba da apertura da aplicación DocNET para a elaboración das guías docentes do grao de Enxeñaría da Enerxía, estando dispoñible para o profesorado a partir do día 12 de xuño. Tendo en conta que no curso 2023/2024 se impartiría por primeira vez o cuarto ano do novo plan de estudos desta titulación, o día 8 de xuño de 2023, enviouse un correo electrónico a todas as persoas coordinadoras de materias deste curso para convocalas a unha sesión informativa que tería lugar o día 14 de xuño de 2023 ás 12:30 na aula de informática 212 do centro. **Nesta reunión informativa** proporcionouse información sobre como completar os diversos pasos da aplicación, de acordo coas directrices establecidas na memoria de verificación do título, facendo especial énfase na incorporación de metodoloxías de ensinanza práctica experimental ou TIC nas horas B asignadas na Planificación Docente Anual do curso 2023/2024. Tamén se informou da necesidade de adaptar a avaliación de cada materia ó novo Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado aprobado no claustro da Universidade de Vigo celebrado o 18 de abril de 2023.

Tamén se enviou un correo electrónico as persoas coordinadoras dos restantes cursos, instándooas a revisar as guías docentes, facendo fincapé na revisión do apartado de avaliación, e proporcionando información sobre os prazos de elaboración das guías (ata o 20 de xuño de 2023), para poder proceder á revisión por parte do coordinador de grao e revisión pola Delegación de Estudantado e a Comisión de Calidade do centro antes de ser sometidas a aprobación pola Xunta de Escola, celebrada o 7 de xullo de 2023. Durante este período, mantivéronse numerosos intercambios de correos electrónicos e chamadas telefónicas, así como reunións presenciais entre persoas coordinadoras de curso, materia e titulación, co obxectivo de elaborar adecuadamente tódalas guías docentes, prestando unha atención especial ás guías do cuarto curso.

Por outro lado, o día 14 de xuño de 2023 convocouse ao profesorado a unha **reunión de coordinación vertical** (anexo 1) das áreas de Tecnoloxía Electrónica e Enxeñaría Eléctrica co obxecto de recordar as conclusións das reunións de coordinación do curso 2021/2022, relativo á materia “Instalacións Eléctricas”, onde se asumiría no curso 2023/2024 parte dos contidos de “Circuitos e Máquinas Eléctricas”, xa que a implantación do plan novo reflectira unha sobrecarga de traballo do estudantado nesta última. O profesorado manifestou a súa disposición a modificar os contidos, segundo ese acordo previo, apuntando que os cambios afectaban fundamentalmente aos contidos relativos a

máquinas eléctricas rotativas, xa que o resto do temario trataba conceptos necesarios para a materia “Tecnoloxía electrónica” (impartida no segundo cuadrimestre).

### **Reunións do equipo coordinador de curso co persoal coordinador de materia/módulo**

Durante o curso académico 2023/2024 realizáronse doce reunións deste tipo, sendo dúas delas as indicadas no apartado anterior para informar do procedemento da elaboración das guías docentes do plan novo do cuarto curso do grao de Enxeñaría da Enerxía e para coordinación vertical de contidos das áreas de Tecnoloxía Electrónica e Enxeñaría Eléctrica. Respecto ó resto das reunións, pódense consultar os detalles nos anexos 2, 3, 4 e 5 deste informe, onde tamén se recollen as principais valoracións e reflexións acadadas:

#### **Primeiro e segundo curso:**

Nestes cursos realizáronse seis reunións. Como as materias son practicamente comúns para o estudiantado dos dous graos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos), nas reunións xorden problemáticas que afectan aos dous graos, sendo imposible facer reflexións e valoracións que se refiran exclusivamente a unha das titulacións.

**11/07/2023.** Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar unha planificación detallada para o curso 2023/2024 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítase ao profesorado as necesidades de software, laboratorios e aulas de informática ou a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.

**10/01/2024.** Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar unha planificación detallada para o segundo cuadrimestre do curso 2023/2024 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítase ao profesorado as necesidades de software, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo polas persoas coordinadoras, sen embargo ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volveuse a solicitar ante a posibilidade de que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre a planificación entregada no mes de xullo.

**01/02/2024.** Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre, unha vez finalizada a docencia e con tódolos exames rematados.

**02/04/2024.** Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuadrimestre, unha vez realizados a maioría dos exames parciais das materias e case finalizado o cuadrimestre.

**10/07/2023.** Reunión de coordinación de segundo curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Tratar as necesidades específicas de cada materia no tocante á planificación de grupos B, C, parciais, recuperación e prácticas de campo/saídas de estudos no curso 2023/2024, centrándose nas actividades do primeiro cuadrimestre.

**9/01/2024.** Reunión de coordinación de segundo curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Planificar os grupos B, C, parciais, recuperacións e prácticas de campo/saídas de estudos para o segundo cuadrimestre do curso 2023/2024.

**Terceiro e cuarto cursos:**

Neste caso, convocáronse as catro reunións de coordinación seguintes:

**30/06/2023.** Reunión de coordinación de terceiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Convocouse ao profesorado de terceiro curso co obxectivo de planificar os grupos B e C destes cursos en relación con datas de impartición das clases, necesidades específicas de espazos docentes (para sesións maxistras e de aula de informática) e datas de prácticas de campo/saída de estudos. Este traballo foi realizado despois de que o profesorado presentara as súas necesidades e datas por correo electrónico, permitindo así anticipar posibles conflitos de horarios entre o persoal docente e atopar solucións adecuadas. Os resultados destas reunións foron comunicados polo coordinador á xefatura de estudos.

**12/01/2024:** Reunión de coordinación de terceiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Convocouse as persoas coordinadoras das materias do primeiro cuadrimestre de cuarto curso para trasladar as datas de impartición de grupos B e C, necesidades de aulas docentes e de informática, así como o software a instalar e as posibles datas de saídas de estudo e prácticas de campo.

**28/02/2024.** Reunión de coordinación de cuarto curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Análise de resultados de implantación do plan novo. Convocouse ao profesorado de cuarto curso, co fin de analizar como foi a implantación do plan novo e se houbo algunha incidencia salientable. Os datos proporcionados polas persoas coordinadoras de materia evidencian que os resultados do primeiro cuadrimestre foron moi positivos, con taxa de éxito superiores ó 80% en todos os casos analizados, chegando ó 100% en seis das materias. Ademais, non houbo incidencias durante o desenvolvemento das clases en ningunha das materias.

**16/7/2024:** Reunión de coordinación de cuarto curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Análise de resultados de implantación do plan novo. Convocouse ao profesorado de cuarto curso a unha reunión presencial na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para analizar o desenvolvemento do segundo cuadrimestre e observouse unha alta taxa de éxito en todas as materias. Porén, no TFG evidénciase un número alto de non presentados. O motivo pode estar relacionado ca existencia de estudantes do plan antigo e do plan novo, e que nalgúns casos xa están a desenvolver a súa labor profesional e van adiando a defensa do TFG por falta de tempo.

**Reunións das persoas coordinadoras de materias co profesorado que a imparte**

Ao longo de todo o curso académico, as persoas encargadas da coordinación das materias mantiveron un contacto constante co profesorado, intercambiando información, resultados, queixas e suxestións formuladas tanto polo estudantado como pola persoa coordinadora do curso, por algún docente ou incluso polo coordinador do título. O propósito principal era chegar a acordos sobre diferentes decisións, asegurando unha planificación adecuada das materias e favorecendo o seu desenvolvemento equilibrado e coordinado. Unha vez finalizado o período lectivo, os/as coordinadores/as reuníronse co profesorado para avaliar o rendemento do estudantado e coordinar a elaboración das actas de cualificación correspondentes.

### 3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

No curso académico 2023/24 as persoas coordinadoras de curso elaboraron os seguintes **informes finais de coordinación horizontal**:

#### **Primeiro curso:**

Tras as reunións o final de cada cuadrimestre, considérase que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2023/2024. Aqueles problemas que xurdiron durante o desenvolvemento da docencia foron comunicados á coordinación, e estes tratáronse de solucionar o máis axiña posible. A canle principal de comunicación para as tarefas de coordinación foi mediante correo electrónico e chamadas telefónicas. Durante todo o curso, o profesorado de primeiro de ambos os Graos, respondeu de forma moi axeitada ás solicitudes de planificación das sesións de tipo B e C, saídas de campo e exames parciais, entregando a información en data e forma. Todo o profesorado mostrouse colaborador á hora de axustar datas de exames parciais, fixar saídas de campo ou na asignación de espazos con respecto á planificación inicial. Cada modificación na planificación detallada actualizouse no espazo de Coordinación de primeiro GEE/GERME en Moovi.

#### **Segundo curso**

Resultados: Mantense o correo electrónico como medio de comunicación para as tarefas de coordinación. De xeito puntual, tamén se empregan os medios telefónicos para resolver pequenas incidencias ocasionais. En xeral, o profesorado de 2º dos Graos responde moi axeitadamente ás peticións de planificación detallada requiridas para poder configurar o desenvolvemento das sesións tipo B/C, polo que en xeral se considera que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2023/2024.

#### **Terceiro cursos**

Resultados: A coordinación do curso 2023/2024 foi sinxela, xa que o curso anterior implantouse o novo plan de estudos. O profesorado foi o mesmo e xa coñecían a forma de traballar na escola e como evitar solapes ou colisións entre diferentes materias do curso. Empregouse o correo electrónico como medio de comunicación para a coordinación así como chamadas telefónicas para resolver problemas puntuais.

#### **Cuarto curso**

Considérase que non houbo incidencias destacables durante a implantación do novo plan. As elevadas taxas de éxito, superiores ao 80%, que en moitos casos mesmo acadan o 100%, son unha clara mostra do bo desenvolvemento do curso, o que reflicte un progreso positivo en todos os ámbitos planificados. Ao longo do curso 2023/2024, os diferentes problemas puntuais relacionados coa organización, como a xestión das reservas dos espazos informáticos, así como as necesidades específicas de software, foron resolvéndose de maneira satisfactoria e sen atrasos significativos. A pesar de que no global o balance foi claramente positivo, quedou en evidencia a necesidade de melloras en certos aspectos puntuais que facilitarían un funcionamento máis fluído e eficaz en próximos anos académicos. Os puntos concretos que se sinalaron como susceptibles de mellora abranguen principalmente a electrificación das aulas, que require unha revisión para garantir un subministro adecuado en todas as instalacións, así como o aumento do número de alumnos que presentan os seus Traballos de Fin de Grao, cuestión que podería resolverse en canto acabe a adaptación do plan vello ao plan novo. O balance final, en calquera caso, reflicte un panorama favorable no conxunto da implantación do plan.

---

## IV. CONCLUSIÓNS

Nas diferentes reunións de coordinación que se levaron a cabo ao longo do curso académico 2023/24, abordáronse con detalle unha serie de cuestións relativas á docencia, coa finalidade de reflexionar sobre as prácticas educativas e analizar as principais incidencias que foron xurdindo. Estas reunións permitiron valorar e debater as suxestións aportadas tanto polo profesorado como polo estudantado, e fixéronse revisións profundas das debilidades e fortalezas detectadas durante a implantación das accións docentes. O obxectivo central destas xuntanzas foi trazar un plan de acción que permitise a mellora continua e o establecemento de boas prácticas educativas en todos os ámbitos. A partir de todo isto, planificáronse estratexias de mellora destinadas a incrementar a calidade do ensino, enfocadas a corrixir as carencias detectadas e a potenciar os puntos máis sólidos do sistema. Un aspecto clave que se puxo de relevo foi a comunicación fluída e constante entre os diferentes niveis de coordinación: Plan de Acción Titorial, coordinación de curso e coordinación de titulación. Esta interconexión permítelle á Escola realizar unha avaliación continua dos puntos fortes e débiles no ámbito académico e de planificación, posibilitando a mellora progresiva dos procedementos e a creación de dinámicas que contribúan a un funcionamento máis eficiente e adaptado ás necesidades reais do estudantado.

A implantación do novo plan no cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía facilitou a análise exhaustiva do desenvolvemento da actividade docente, especialmente no que respecta aos resultados acadados polo estudantado. O obxectivo era evitar o sobredimensionamento dos contidos e ao mesmo tempo cubrir posibles lagoas de coñecemento, garantindo un equilibrio axeitado entre a carga de traballo e o nivel de aprendizaxe. As informacións recollidas nas reunións de seguimento co estudantado foron esenciais para identificar e abordar problemas específicos. Entre eles, destacou a necesidade de introducir novo software en dúas materias clave do primeiro cuatrimestre: “Xestión da Enerxía Térmica” e “Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica”, que agora incorporan as ferramentas *SketchUp* e *PowerWorld Simulator 23* para mellorar a formación práctica dos estudantes nestes ámbitos.

Finalmente, tendo en conta tanto as necesidades identificadas durante este curso como as xa expostas en cursos anteriores, a Escola está a investir importantes esforzos para mellorar a dotación informática e os medios audiovisuais das súas instalacións. Entre as actuacións previstas, destaca a renovación das pantallas da Aula 0, a mellora do equipamento da Aula M106 para facilitar a docencia en remoto, e a electrificación completa da Aula M108, que suporá unha mellora substancial na infraestrutura dispoñible para o desenvolvemento das clases. Estas iniciativas forman parte dun plan de modernización máis amplo, deseñado para garantir que o estudantado dispoña das mellores ferramentas tecnolóxicas e audiovisuais durante a súa formación.

Para que así conste, asino a presente en Vigo, a 15 de outubro de 2024

Francisco Javier Deive Herva

Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía



---

## V. ANEXOS

Para completar a información, achéganse as fichas e informes relativos ás reunións de coordinación realizadas ao longo do curso académico.

## Anexo 1. Informe de Coordinación vertical

FICHA DE SEGUIMIENTO DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN		
Centro	EEME	Año académico: 2023/2024
Curso y titulación	2º, 3º, y 4º del Grado de Ingeniería de los Recursos Mineros y Energéticos y Grado de Ingeniería de la Energía	
Fecha y hora	14/6/2023 a las 11:00	
Nomes das persoas coordinadoras	Iria Feijóo Vázquez Francisco Javier Deive Herva	
Profesorado convocado	Asignatura	Asistencia
María Dolores Valdés	Tecnología electrónica	Asiste
Fernando Manzanedo	Instalaciones eléctricas Generación eléctrica renovable y convencional	Excusa asistencia
Antonio Fernández Otero	Sistemas eléctricos de potencia	Asiste
Manuel Ángel Prieto	Uso eficiente de la energía eléctrica Logística y servicios mineros	Excusa asistencia
Luis Ángel Fernández Otero	Gestión y utilización de la energía eléctrica	Asiste
Motivo de la reunión	Coordinación vertical de contenidos con profesorado del área de Tecnología electrónica e Ingeniería Eléctrica	
Temas formulados	Recordatorio de reformulación de contenidos acordados en curso 2021-2022 y análisis de la implantación de nuevas asignaturas del área de ingeniería eléctrica en el plan nuevo de 4º para el curso 2023/2024	

<p>Desarrollo (observaciones)</p>	<p>Se recuerda el compromiso alcanzado en el curso 2021-2022 relativo a aligerar contenidos del tema de máquinas rotativas de corriente alterna, que se incluirán en la asignatura “Instalaciones Eléctricas”. El profesor Luis Ángel Fernández Otero afirma que puede incluir estos contenidos en su materia, indicando que hablará con el profesor Andrés Elías Feijoo para saber con qué grado de profundidad ha impartido este tema en el curso actual 2022-2023. La reducción de contenidos de la asignatura de "Circuitos y máquinas eléctricas" queda limitado sólo al tema "Máquinas Eléctricas rotativas de corriente alterna", debido a que el resto de temario que se imparte es necesario como base para la asignatura "Tecnología Electrónica".</p> <p>Por otro lado, está pendiente hablar con José Fernando Manzanedo para confirmar que los contenidos del tema 2 de la asignatura “Instalaciones eléctricas” no se solapan con los del tema 1 de la materia “Generación Eléctrica Renovable y Convencional”.</p> <p>Por otro lado, existen dudas sobre los posibles solapes de contenidos entre las materias “Uso Eficiente de la Energía Eléctrica” y “Gestión y Utilización de la Energía Eléctrica” en los temas centrados en cómo afecta la calidad de la onda al suministro eléctrico y en la certificación energética y normativa.</p> <p>Respecto a la duda de la asignatura de “Logística y servicios mineros” en lo que concierne al tema de diseño de instalaciones en BT y AT en instalaciones mineras y su posible solape con el diseño y cálculo de instalaciones en BT en la materia “Instalaciones Eléctricas”, parece que la primera es más específica al centrarse solo en el ámbito minero, y la segunda más general.</p>
<p>Acuerdos y compromisos</p>	<p>Se acuerda hablar con el profesor Manuel Anxo Prieto tanto desde la coordinación del grado como desde la coordinación de la materia “Gestión y Utilización de la Energía Eléctrica” para acordar el grado de profundidad de los contenidos sujetos a posible repetición. También se acuerda mantener una conversación con la profesora Blanca Nieves Miranda y el profesor José Fernando Manzanedo para confirmar que no hay problema en asumir un mayor grado de profundidad en los contenidos relacionados con máquinas eléctricas rotativas de corriente alterna que se imparten en la materia “Instalaciones Eléctricas”, en detrimento de lo que se imparte en “Circuitos y Máquinas Eléctricas”.</p>

## Anexo 2. Informe de Coordinación de 1º Curso

1ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 11/07/2023
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
<p>ASISTENTES:</p> <p>Profesorado de primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.</p>	
<p>OBJETIVOS:</p> <p>Convócase de xeito virtual ao profesorado de primeiro curso de ambos graos, tanto do primeiro cuadrimestre coma do segundo, co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o curso 2023/2024 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de software, laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.</p>	
<p>RESULTADOS:</p> <p>Todo o profesorado remite á coordinación, vía correo electrónico e no prazo establecido, toda a información solicitada. Unha vez recibida a información de cada unha das materias, co horario e co calendario académico, compróbase que as horas tipo B e C son as que están reflectidos na Planificación Docente Anual (PDA). Analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o primeiro e segundo cuadrimestre, o cal se remite á Subdirección de planificación e organización docente.</p> <p>Sobre este documento da planificación detallada de primeiro, a coordinación e a Subdirección de planificación e organización docente proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudiantado e dispoñibilidade de aulas. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao primeiro cuadrimestre, ponse a disposición de todo o profesorado no espazo de Coordinación de Primeiro GEE/GERME en Moovi.</p>	

2ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 10/01/2024
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
<b>ASISTENTES:</b> Profesorado do segundo cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
<b>OBJETIVOS:</b> Convócase de xeito virtual ao profesorado do segundo cuadrimestre de primeiro curso de ambos graos co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o segundo cuadrimestre do curso 2023/2024 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de software, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo, sen embargo ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volve a solicitarse ante a posibilidade que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre a planificación de xullo.	
<b>RESULTADOS:</b> No prazo establecido e por vía correo electrónico, todo o profesorado que necesitou modificar a planificación remitiu esa información á coordinación. Así mesmo, aqueles docentes que non realizaron cambios na planificación remitida en xullo tamén o confirmaron á coordinación. Unha vez recibida a información nova e coa que xa tiñamos no mes de xullo de cada unha das materias analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o segundo cuadrimestre, que se remite á Subdirección de planificación e organización docente.  Sobre este documento da planificación detallada do segundo cuadrimestre, a coordinación e a Subdirección de planificación e organización docente proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantado e dispoñibilidade de aulas. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao segundo cuadrimestre, ponse ao dispor de todo o profesorado no espazo de Coordinación de Primeiro GEE/GERME en Moovi.	

## 3ª REUNION HORIZONTAL

CURSO: 1º dos Graos ERME/EE

DATA: 01/02/2024

COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez

### ASISTENTES:

Profesorado do primeiro cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Eduardo Liz Marzán, Javier Vijande López, Elena González Rodríguez, María Salomé Álvarez Álvarez )

### OBJETIVOS:

Unha vez finalizado o cuadrimestre e con tódolos exames rematados, o obxectivo da reunión co profesorado de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre.

### RESULTADOS:

O profesorado indica que a porcentaxe de éxito para superar as materias é similar a outros anos, agás as materias de Cálculo I e Álgebra Lineal, que é menor. No que se que coincide todo o profesorado é que as cualificacións acadadas foron máis baixas que noutros cursos académicos. Tamén resaltan que aquel estudiantado que se matricula máis tarde, inician o curso coas clases xa empezadas e, detectan que a este estudiantado cústalle poñerse ao día. Con respecto ao estudiantado estranxeiro, resaltan a dificultade que este ten co idioma, ofrecéndose o profesorado a traducir o exame da súa materia.

Todo o profesorado foi flexible á hora da data de entrega de traballos/informes/tarefas, cando esta coincidía con exames parciais doutras materias detallados na planificación.

Con respecto á coordinación, indican que las tarefas de coordinación e a comunicación polas canles empregadas é adecuada. Valoran positivamente a realización das reunións ao final do cuadrimestre entre o profesorado implicado na docencia e a coordinadora. Suxiren que no documento de planificación aparezan as reservas dos espazos para exames na mesma folla do calendario. Tamén suxiren poñer o horario dos grupos A e notificar se xa se finalizou a docencia ou se ese día non se vai impartir.

Dende a coordinación, considérase a súa viabilidade e tense en conta toda esta información para realizar a planificación do segundo cuadrimestre e a do primeiro cuadrimestre do próximo curso.

## 4ª REUNION HORIZONTAL

CURSO: 1º dos Graos ERME/EE

DATA: 02/04/2024

COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez

### ASISTENTES:

Profesorado do segundo cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Guillermo García Lomba, María Ángeles Saavedra González, Roberto Bellas Rivera, Manuel Pérez Cota).

Escusa a súa asistencia o profesor José Benito Vázquez Dorrio.

### OBJETIVOS:

Unha vez realizados a maioría dos exames parciais das materias e case finalizado o cuadrimestre, o obxectivo da reunión co profesorado coordinador de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuadrimestre.

### RESULTADOS:

Todo o profesorado coincide que se incrementou, con respecto a outros anos, o número de alumnos/as que solicitaron a renuncia á evolución continua.

Tratouse con todo o profesorado, a planificación dos exames parciais que tiveron lugar no mes de marzo. Xa que concentrábanse tres exames en oito días. Propuxéronse varias opcións como concentrar todos os exames nunha semana sen docencia, distanciar, na medida do posible os exames ou non dar máis importancia se o estudantado sábeo con suficiente antelación.

Todo o profesorado foi flexible á hora da data de entrega de traballos/informes/tarefas, cando esta coincidía con exames parciais doutras materias detallados na planificación.

Con respecto á coordinación, indican que as tarefas de coordinación son correctas. Valoran positivamente a realización das reunións ao final do cuadrimestre e indican que a comunicación polas canles empregadas é axeitada. Suxiren que no documento de planificación queden reflexadas as reservas dos espazos para grupos B e C de cada materia na mesma folla.

Dende a coordinación, considérase a súa viabilidade e tense en conta toda esta información para realizar a planificación do próximo curso.

## INFORME FINAL DE COORDINACION HORIZONTAL

CURSO: 1º dos Graos ERME/EE

DATA: 9/10/2024

COORDINADOR: Iria Feijoo Vázquez

### RESULTADOS:

Durante todo o curso, o profesorado de primeiro de ambos os Graos, respondeu de forma moi axeitada ás solicitudes de planificación das sesións de tipo B e C, saídas de campo e exames parciais, entregando a información en data e forma. Todo o profesorado mostrouse colaborador á hora de axustar datas de exames parciais, fixar saídas de campo ou na asignación de espazos con respecto á planificación inicial. Cada modificación na planificación detallada actualizouse no espazo de Coordinación de primeiro GEE/GERME en Moovi.

Aqueles problemas que xurdiron durante o desenvolvemento do curso académico foron comunicados á coordinación, e estes tratáronse de solucionar o máis axiña posible.

A canle de principal de comunicación para as tarefas de coordinación foi través de correo electrónico, empregando en menor medida as chamadas telefónicas.

Tras as reunións o final de cada cuadrimestre, considérase que o traballo de coordinación foi axeitado durante ou curso 2023/2024.

**PROPOSTAS DE MELLORA:** Continuar coa mesma metodoloxía de traballo, pero tendo en conta as propostas xurdidas das reunións co profesorado ao final de cada cuadrimestre.



### Anexo 3. Fichas e Informe de Coordinación de 2º Curso

1ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 10/07/2023
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
<b>ASISTENTES:</b> Profesorado de segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
<b>OBJETIVOS:</b> Convócase de xeito virtual ao profesorado de segundo curso dos graos co obxectivo de planificar o desenvolvemento dos grupos B e C no curso 2023/2024, no referido a: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Datas de impartición das sesións B e C</li> <li>2. Necesidades de espazos docentes en aulario</li> <li>3. Necesidades de espazos docentes en aula de informática</li> <li>4. Proposta de datas para Saídas de Campo</li> </ol>	
<b>RESULTADOS:</b> Tras a recepción da información solicitada, dende a coordinación e a subdirección de organización docente compróbase a adecuación das propostas (en canto a datas, número de sesións e horas) e realízase a correspondente asignación de espazos. O profesorado, en xeral, propón un calendario de grupos B ben axustado, tanto en número de horas como en tipoloxía de contidos impartidos neste tipo de sesións (laboratorio e/ou TIC). Esta xestión permite liberar espazos docentes para cubrir outras necesidades. O calendario de grupos C planifícase de xeito que as colisións surxidas das propostas iniciais se resolven satisfactoriamente. A coordinadora remite esta información á Subdirección de Organización Docente	

<b>2ª REUNION HORIZONTAL</b>	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 9/1/2024
COORDINADOR: Raquel Pérez Orozco	
<b>ASISTENTES:</b> Profesorado de segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
<b>OBJETIVOS:</b> Convócase de xeito virtual ao profesorado das materias do 2º cuatrimestre de segundo curso dos graos co obxectivo de planificar o desenvolvemento dos grupos B e C no curso 2023/2024, no referido a: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Datas de impartición das sesións B e C</li> <li>2. Necesidades de espazos docentes en aulario</li> <li>3. Necesidades de espazos docentes en aula de informática</li> <li>4. Proposta de datas para Saídas de Campo</li> </ol>	
<b>RESULTADOS:</b> Unha vez comunicadas as necesidades de espazos docentes á subdirección de organización docente, trasladóuselles aos docentes toda a información relativa ás datas, horas e espazos asignados. Gracias a isto, evitáronse colisións entre grupos C de distintas materias e, á súa vez, con saídas de campo.	

<b>INFORME FINAL DE COORDINACION HORIZONTAL</b>	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 16/10/2024
COORDINADOR: Raquel Pérez Orozco	
<b>RESULTADOS:</b> Mantense o contacto a través de correo electrónico como medio de comunicación para as tarefas de coordinación. De xeito puntual, tamén se empregan os medios telefónicos para resolver pequenas incidencias ocasionais. En xeral, o profesorado de 2º dos Graos responde moi axeitadamente ás peticións de planificación detallada requiridas para poder configurar o desenvolvemento das sesións tipo B/C, polo que en xeral se considera que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2023/2024.	
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b> Proponse a continuidade da metodoloxía de traballo.	

## Anexo 4. Fichas e Informe de Coordinación de 3º Curso

1ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: 3er Curso Grado IE	FECHA: 30/6/2023
COORDINADOR: Pablo Eguía Oller	
ASISTENTES: Profesorado de tercer curso de la titulación de Grado de Ingeniería de la Energía	
<p>OBJETIVOS:</p> <p>Se convoca a los profesores tercer curso con el fin de planificar los grupos B y C de dicho curso durante los años 2023 y 2024 en formato virtual en lo referente a:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fechas de impartición de dichas clases</li> <li>2. Necesidades de aula de teoría</li> <li>3. Necesidades de aula de informática</li> <li>4. Propuesta de fechas para Salidas de Campo</li> </ol> <p>Así, los profesores fueron adelantando sus necesidades y fechas por correo electrónico, con lo cual ya se sabía de antemano las posibles colisiones entre profesores.</p> <p>Tal y como viene sucediendo en estos años, los profesores, debido a que conocen las fechas exactas de sus necesidades, pudieron liberar aulas de teoría o bien el aula de informática que no necesitaban.</p> <p>Las colisiones de grupos C entre profesores se resuelven coordinando horarios entre diferentes grupos.</p> <p>El coordinador remitió esta información a la jefatura de estudios</p>	

2ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: 3er Curso Grado IE	FECHA: 12/1/2024
COORDINADOR: Pablo Eguía Oller	
ASISTENTES: Profesorado de tercer curso de la titulación: Grado de Ingeniería de la Energía	
<p>OBJETIVOS:</p> <p>Se convoca a los profesores de tercer curso y a los de cuarto con el fin de planificar los grupos B y C de dichos cursos durante el segundo cuatrimestre del curso 2023/24 de forma virtual, para que comuniquen sus necesidades referentes a:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fechas de impartición de dichas clases</li> <li>2. Necesidades de aula de teoría</li> <li>3. Necesidades de aula de informática</li> <li>4. Propuesta de fechas para Salidas de Campo</li> </ol>	
<p>RESULTADOS:</p> <p>Una vez comunicadas las necesidades de espacios docentes a la jefatura de estudios, se comunicó a los profesores los días, horas, aulas reservadas, etc. Gracias a esto, se evitaron colisiones entre grupos C de distintas materias y, a su vez, con salidas de campo.</p>	

## INFORME FINAL DE COORDINACION HORIZONTAL

CURSO: 3er Curso Grado IE

FECHA: 2/10/2024

COORDINADOR: Pablo Eguía Oller

### RESULTADOS:

La coordinación del curso 2023/2024 fue sencilla, ya que el curso anterior se había implantado el nuevo plan de estudios. El profesorado fue el mismo y ya conocían la forma de trabajar de la escuela y cómo evitar solapes o colisiones entre diferentes asignaturas del curso.


Se ha venido empleando el correo electrónico como medio de comunicación para la coordinación, aunque también llamadas telefónicas para resolver problemas puntuales.


El trabajo de coordinación se puede considerar un éxito.


### PROPUESTAS DE MEJORA:

Se propone continuar con la misma política de coordinación pues todas las incidencias ocurridas durante los dos cuatrimestres se han ido resolviendo, con la ayuda del propio profesorado, de la jefatura de estudios y de la dirección de la escuela.


**Anexo 5. Fichas e Informe de Coordinación de 4º Curso**

1ª REUNION HORIZONTAL															
CURSO: 4º Curso Grado IE	FECHA: 28/2/2024														
COORDINADORA: Ana María Rodríguez Rodríguez															
<b>ASISTENTES:</b> Ana Mª Rodríguez Rodríguez; Roberto Bellas Rivera; María Araújo Fernández; Pablo Eguía Oller; Mario Soilán Rodríguez; Luis Ángel Fernández Otero; Javier Taboada Castro; Jesús Vence Fernández; Jose Fernández Seara															
<b>OBJETIVOS:</b> 1. Exposición de los resultados de la evaluación de las asignaturas del 1er cuatrimestre 2. Análisis del desarrollo del cuatrimestre: Incidencias y Propuestas de Mejora															
<b>RESULTADOS:</b> Los resultados académicos del primer cuatrimestre desglosados por materia se muestran a continuación: (XET) Xestión da enerxía térmica. Coordinador: Pablo Eguía Oller (Obligatoria) Excusa asistencia e indica que no ha habido incidencias destacables en la evolución de la materia.															
 <table border="1" style="margin: 10px auto; border-collapse: collapse;"> <caption>Data for XET Bar Chart</caption> <thead> <tr> <th>Calificación</th> <th>Número de Alumnos</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>M.H.</td> <td>1</td> </tr> <tr> <td>Sobresaliente</td> <td>4</td> </tr> <tr> <td>Notable</td> <td>10</td> </tr> <tr> <td>Aprobado</td> <td>5</td> </tr> <tr> <td>Suspenso</td> <td>5</td> </tr> <tr> <td>No presentados</td> <td>1</td> </tr> </tbody> </table>		Calificación	Número de Alumnos	M.H.	1	Sobresaliente	4	Notable	10	Aprobado	5	Suspenso	5	No presentados	1
Calificación	Número de Alumnos														
M.H.	1														
Sobresaliente	4														
Notable	10														
Aprobado	5														
Suspenso	5														
No presentados	1														
Tasa de éxito: 80 % (XUET) Xestión e utilización da enerxía eléctrica. Coordinador: Luis Ángel Fernández Otero (Obligatoria) Excusa asistencia e indica que no ha habido incidencias destacables en el desarrollo de la materia.															





ESIE




Tasa de éxito: 100 %

(EAF) Enerxías alternativas fluidodinámicas. Coordinador: Jesús Vence Fernández

Excusa asistencia e indica que no ha habido incidencias destacables en el desarrollo de la materia.

EAF





Tasa de éxito: 100 %


(XEE) Xeomática aplicada á eficiencia enerxética. Coordinador: Mario Soilán Rodríguez


Indica que no ha habido incidencias destacables en la evolución de la materia.





2ª REUNION HORIZONTAL															
CURSO: 4º Curso Grado IE	FECHA: 16/7/2024														
COORDINADOR: Ana María Rodríguez Rodríguez															
<b>ASISTENTES:</b> Ana Mª Rodríguez Rodríguez; Mª Itziar Goicoechea Castaño; José L. González Cespón; Jesús Balado Frías; Raquel Pérez Orozco; Manuel A. Prieto Alonso; Francisco J Deive Herva															
<b>OBJETIVOS:</b> 1. Exposición de los resultados de la evaluación de las asignaturas del 2do cuatrimestre 2. Análisis del desarrollo del cuatrimestre: Incidencias y Propuestas de Mejora															
<b>RESULTADOS:</b> Los resultados desglosados por materias se exponen a continuación: DAO) Diseño asistido por ordenador. Coordinador: José L. González Cespón Indica que no ha habido incidencias destacables en la evolución de la materia. Sin embargo, como propuesta de mejora solicita que el aula que se le asigne esté electrificada ya que los alumnos manejan un software libre específico en las horas tipo A por lo que se necesitan más tomas que las ordinarias de un aula de docencia.															
<p><b>DAO</b></p>  <table border="1" style="margin-left: auto; margin-right: auto;"> <thead> <tr> <th>Calificación</th> <th>Número de Alumnos</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>M.H.</td> <td>0</td> </tr> <tr> <td>Sobresaliente</td> <td>7</td> </tr> <tr> <td>Notable</td> <td>0</td> </tr> <tr> <td>Aprobado</td> <td>0</td> </tr> <tr> <td>Suspenso</td> <td>0</td> </tr> <tr> <td>No presentados</td> <td>0</td> </tr> </tbody> </table>		Calificación	Número de Alumnos	M.H.	0	Sobresaliente	7	Notable	0	Aprobado	0	Suspenso	0	No presentados	0
Calificación	Número de Alumnos														
M.H.	0														
Sobresaliente	7														
Notable	0														
Aprobado	0														
Suspenso	0														
No presentados	0														
Tasa de éxito: 100% (ORPC) Obras, replanteos e procesos de construcción. Coordinador: Jesús Balado Frías Indica que no ha habido incidencias destacables en el desarrollo de la materia.															






Tasa de éxito: 100 %

(PRO) Proxectos. Coordinadora: M<sup>a</sup> Itziar Goicoechea Castaño (Obligatoria)


Excusa asistencia e indica que no ha habido incidencias en la evolución de la materia



Tasa de éxito: 100 %

(TFG) Trabajo de Fin de Grao. Coordinador: Francisco J Deive Herva (Obligatoria)

En esta materia obligatoria llama la atención el elevado número de estudiantes no presentados. Este particular se debe a que conviven estudiantes del plan vigente con los del anterior, y, en algunos casos, al estar ya trabajando van posponiendo la defensa del TFG .



<b>INFORME FINAL DE COORDINACION HORIZONTAL</b>	
CURSO: 4º Curso Grado IE	FECHA: 1/10/2024
COORDINADOR: Ana María Rodríguez Rodríguez	
<p><b>RESULTADOS:</b></p> <p>Xeralmente considérase que non houbo incidencias destacables durante a implantación do novo plan. As elevadas taxas de éxito, superiores ao 80%, e en moitos casos mesmo acadan o 100%, son unha clara mostra do bo desenvolvemento do curso, o que reflicte un progreso positivo en todos os ámbitos planificados. Ao longo do curso 2023/2024, os diferentes problemas puntuais relacionados coa organización, como a xestión das reservas dos espazos informáticos, así como as necesidades específicas de software, foron resolvéndose de maneira satisfactoria e sen atrasos significativos. A pesar de que no global o balance foi claramente positivo, quedou en evidencia a necesidade de melloras en certos aspectos puntuais que facilitarían un funcionamento máis fluído e eficaz en próximos anos académicos.</p>	
<p><b>PROPUESTAS DE MEJORA:</b></p> <p>Os puntos concretos que se sinalaron como susceptibles de mellora abranguen principalmente a electrificación das aulas, que require unha revisión para garantir un subministro adecuado en todas as instalacións, así como o aumento do número de alumnos que presentan os seus Traballos de Fin de Grao, cuestión que precisa dun seguimento máis exhaustivo e dun maior apoio para acadar a participación esperada. O balance final, en calquera caso, reflicte un panorama favorable no conxunto da implantación do plan, con retos superados e áreas identificadas para seguir mellorando.</p>	